



## COMUNICACIÓN ESCRITA



*"Comunicación por escrito" - PIXABAY*



## ÍNDICE

---

### COMUNICACIÓN ESCRITA

|                                                                  |   |
|------------------------------------------------------------------|---|
| 1. A COMUNICACIÓN ESCRITA.....                                   | 1 |
| 1.1 O texto.....                                                 | 1 |
| 1.1.1 O punto (.).....                                           | 2 |
| 1.1.2 Signo de exclamación (!) e signo de interrogación (?)..... | 2 |
| 1.1.3 Letra maiúscula.....                                       | 2 |
| <i>Exercicios</i> .....                                          | 3 |
| 1.2 O texto narrativo.....                                       | 4 |
| 1.2.1 Elementos do texto narrativo.....                          | 4 |
| 1.2.2 Forma do texto narrativo.....                              | 4 |
| 1.3 O texto descritivo.....                                      | 5 |
| <i>Exercicios</i> .....                                          | 5 |
| 1.4 O correo electrónico.....                                    | 6 |
| <i>Exercicios</i> .....                                          | 7 |
| 1.5 A lingua nas redes sociais.....                              | 7 |
| SOLUCIÓN.....                                                    | 8 |

## 1. A COMUNICACIÓN ESCRITA

**O texto é un conxunto de parágrafos** que se combinan para transmitir unha determinada información. Dentro do texto teñen unha gran importancia os puntos, que poden ser de tres tipos: o **punto e seguido**, que separa oracións dentro dun mesmo parágrafo; o **punto e á parte**, que separa un parágrafo doutro e o **punto final**, que é o que pecha o texto. Precisamente, un dos contextos nos que se emprega **letra maiúscula** é despois de punto.

Os textos poden ser de moi diversos tipos, nesta unidade vas traballar o *texto narrativo*, que conta unha historia; o *texto descritivo*, que di como é algo ou alguén; o *correo electrónico*, que adoitas empregar para mandar mensaxes e as *redes sociais*, nas que empregas unha lingua escrita moi próxima á oralidade.

### 1.1 O texto

Se te fixas, o seguinte texto está escrito en 5 cores diferentes, cada unha das cores reflicte un parágrafo, pois **os textos están formados por parágrafos**. Para que os parágrafos do texto estean ben diferenciados visualmente, pode colocarse a **primeira liña de cada parágrafo cara á dereita**. Ademais, pode deixarse un **pequeno espazo entre un parágrafo e outro**.

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai, pero antes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os "americanos" xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirao do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai soñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o "americano", máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai!, o "americano" pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben vestido e o corazón dáballe que aquel era o seu pai. O rapaz devecía por bicalo a faltar. Tiña un porte de tanto señorío! Ai!, o "americano" pasou de largo e nin tan sequera reparou que o seguían os ollos ansiosos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente. E cando esculcaba con máis ansia, fíxose cargo de que un home estaba abrazando á súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi flaco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho.

### 1.1.1 O punto (.)

O punto é un signo de puntuación que pode ser de tres tipos:

- **Punto e seguido:** colócase ao final dunha oración.
- **Punto e á parte:** colócase ao final de cada parágrafo.
- **Punto final:** colócase ao final do texto.

### 1.1.2 Signo de exclamación (!) e signo de interrogación (?)

O **signo de exclamación (!)** emprégase ao final dunha palabra ou oración para marcar unha pronunciación exclamativa. Por outra banda, o **signo de interrogación (?)** colócase ao final dunha pregunta. Aínda que en castelán se empregan ao comezo e ao remate, en galego ambos os dous signos de puntuación **empréganse só ao final dunha palabra ou oración.**

| Lingua castelá                                      | Lingua galega                                  |
|-----------------------------------------------------|------------------------------------------------|
| <i>¿Cómo te llamas?</i>                             | <i>Como te chamas?</i>                         |
| <i>¡Qué bien se come en este restaurante nuevo!</i> | <i>Que ben se come neste restaurante novo!</i> |

### 1.1.3 Letra maiúscula

A maiúscula é unha **letra de maior tamaño e de forma diferente** que se emprega en determinados contextos, por exemplo os seguintes:

- A primeira letra dun texto.
- A primeira letra despois de un punto e seguido ou de un punto e á parte.
- A primeira letra dos nomes propios de persoa (*Xoán*), de animal (*Lulú*) e lugar (*Lugo*).



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

Responde as seguintes preguntas respecto ao texto que figura no apartado 1.1:

- Cantos parágrafos ten o texto?
- Con que finalidade se coloca a primeira liña de cada parágrafo un pouco cara á dereita?
- Que tipo de punto está marcado en amarelo?
- Que tipo de punto está marcado en verde?
- Que tipo de punto está marcado en gris?

### Exercicio 2

Coloca os signos de interrogación (?) ou exclamación (!) segundo corresponda:

- Que barbaridade
- Onde vives
- Cantos anos tes
- Quen te vai acompañar ao acto de mañá
- Que pesada es

### Exercicio 3

Coloca letra maiúscula onde corresponda:

a miña mellor amiga chámase xulia e ten corenta anos. a súa parella chámase iria e teñen dúas fillas, maia e lucía.

viven nun apartamento en vigo e teñen tres mascotas: unha tartaruga, concha; un gato, micho e unha cadela, terra.



## 1.2 O texto narrativo

### 1.2.1 Elementos do texto narrativo

No texto narrativo, oral ou escrito, un **narrador** conta unha **acción** real ou imaxinaria que lles acontece a uns **personaxes** nun **espazo** e nun **tempo** determinados. Se te fixas, en 1.1 tes un texto narrativo:

- **Narrador:** está en **3ª persoa** "*O pai de Migueliño chegaba*", "*o neno non cabía de gozo*"...
- **Acción:** Migueliño agardaba polo seu pai que chegaba das Américas. Aínda que o rapaz mirou un retrato do pai antes de saír da casa, non recoñeceu o seu pai polas malas condicións nas que chegou.
- **Personaxes:** destacan **Migueliño e o seu pai**, aínda que tamén se menciona **a nai do neno e outros homes** que chegaban das Américas.
- **Lugar:** a acción comeza na **casa do rapaz** e logo trasládase ao **peirao**, onde desembarcaban os americanos.
- **Tempo:** a acción transcorre ao longo dunhas horas.

### 1.2.2 Forma do texto narrativo

O texto narrativo adoita ter unha determinada forma:

- **Introdución:** correspóndese co **primeiro parágrafo**, onde se presenta a historia e os personaxes.
- **Nó:** **parágrafo ou parágrafos do medio**, nos que se **conta a historia**. Adoita aparecer algún conflito.
- **Desenlace:** correspóndese co **último parágrafo**, onde se indica **como remata a historia**, como se resolve o conflito que se introduciu no nó.

No texto que aparece no apartado 1.1, estruturaríase do seguinte xeito:

- **Introdución:** 1º parágrafo. Migueliño prepárase para recibir o seu pai que chega das Américas.
- **Nó:** 2º, 3º e 4º parágrafo. Migueliño imaxina que os homes ben portados son o seu pai, pero todos acaban pasando sen reparar no neno.
- **Desenlace:** último parágrafo. Migueliño ve como un home en malas condicións abraza a súa nai, ese si é o seu pai.



### 1.3 O texto descritivo

Escoitaches algunha vez que a descrición consiste en pintar con palabras? Pois así é, o texto descritivo **explica como é** unha **persoa**, un **lugar** ou un **obxecto**. A descrición pode ser:

- **Obxectiva:** descríbese tal e como se ve.
  - Exemplo: *Ana é baixa, morena e de ollos marróns. Ten o pelo liso e case sempre o leva recollido. De personalidade é unha rapaza tímida, seria e centrada en si mesma.*
- **Subxectiva:** inclúense valoracións persoais.
  - Exemplo: *Ana é unha rapaza guapísima, pero non me cae moi ben porque non fala case nada.*



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 4

Indica se as seguintes descricións son obxectivas ou subxectivas:

- A miña é unha casa dunha soa planta. Ten as seguintes estancias: unha cociña, dous dormitorios, un baño e unha sala. Pola parte de adiante hai flores de moitas cores, mentres que atrás ten un horto.

*Descrición .....*

- A miña casa é preciosa. A cociña é práctica, no baño o espazo está moi ben aproveitado e os dormitorios están decorados con moi bo gusto. Pola parte de adiante hai flores de cores que lle dan alegría á entrada, mentres que na parte de atrás hai un horto moi ben coidado.

*Descrición .....*



## 1.4 O correo electrónico

Verdade que para enviar mensaxes botas man do correo electrónico con frecuencia? Para facelo, debes cubrir as seguintes partes:

- **Destinataria/destinatario:** o enderezo electrónico da persoa destinataria.
- **Asunto:** o tema que se trata no corpo do correo electrónico.
- **Corpo:** o contido da mensaxe, que debe ter as seguintes partes:
  - **Saúdo:** prezada/prezado XXXXXX, querida/querido XXXXXX...
  - O contido da **mensaxe**.
  - **Despedida:** un saúdo, unha aperta, bicos...
  - **Sinatura:** o teu nome.

De: [profe@espa.gal](mailto:profe@espa.gal)

Para: [estudante@espa.gal](mailto:estudante@espa.gal)

Asunto: **Benvida á ESPA I**

Prezado alumnado da ESPA I,

Escribovos esta mensaxe para darvos a benvida a este curso en liña. Agardo que vos resulte o máis sinxela posible esta viaxe académica. Aínda que non temos clase presencial, gustaríame que me sentísedes preto de vós e que contedes co meu apoio virtual. Moito ánimo!

Unha aperta,

A vosa docente favorita

**EXERCICIOS****Exercicio 5**

Tendo en conta o anterior correo electrónico, relaciona as distintas partes coa cor na que están resaltadas:


|           |         |
|-----------|---------|
| Asunto    | verde   |
| Saúdo     | morado  |
| Mensaxe   | amarelo |
| Despedida | laranja |
| Sinatura  | gris    |

**1.5 A lingua nas redes sociais**

Quizais as redes sociais fan que a maneira na que te expresas por escrito se pareza en gran medida a como te expresas de xeito oral.

Cando falas con alguén cara a cara os xestos, a expresión facial e a postura corporal adquiren grande importancia. En cambio, se falas con alguén a través da chamada telefónica, é o ton de voz o que lle dá un significado engadido ás palabras que pronuncias.

Que adoitamos empregar cando escribimos por WhatsApp ou nalguna rede social coma Instagram ou Facebook para apoiar as palabras? Seguramente que botas man das emoticonas, a través delas podes transmitir todo tipo de sentimentos: felicidade, enfado etc.



"Round yellow emoticon set isolated beige background", Freepik



## SOLUCIÓN

---

### Exercicio 1

Responde as seguintes preguntas respecto ao texto que figura no apartado 1.1:

- Cantos parágrafos ten o texto? **Cinco.**
- Con que finalidade se coloca a primeira liña de cada parágrafo un pouco cara á dereita? **Para diferenciar os diferentes parágrafos dun texto a simple vista.**
- Que tipo de punto está marcado en amarelo? **Punto e á parte.**
- Que tipo de punto está marcado en verde? **Punto e seguido.**
- Que tipo de punto está marcado en gris? **Punto final.**

### Exercicio 2

Coloca os signos de interrogación (?) ou exclamación (!) segundo corresponda:

- Que barbaridade!
- Onde vives?
- Cantos anos tes?
- Quen te vai acompañar ao acto de mañá?
- Que pesada es!

### Exercicio 3

Coloca letra maiúscula onde corresponda:

**A** miña mellor amiga chámase **X**ulia e ten corenta anos. **A** súa parella chámase Iria e teñen dúas fillas, **M**aia e **L**ucía.

**V**iven nun apartamento en **V**igo e teñen tres mascotas: unha tartaruga, **C**oncha; un gato, **M**icho e unha cadela, **T**erra.

### Exercicio 4

Indica se as seguintes descrições son obxectivas ou subxectivas:

- A miña é unha casa dunha soa planta. Ten as seguintes estancias: unha cociña, dous dormitorios, un baño e unha sala. Pola parte de adiante hai flores de moitas cores, mentres que atrás ten un horto.

**Descrición obxectiva.**



- A miña casa é preciosa. A cociña é práctica, no baño o espazo está moi ben aproveitado e os dormitorios están decorados con moi bo gusto. Pola parte de adiante hai flores de cores que lle dan alegría á entrada, mentres que na parte de atrás hai un horto moi ben coidado.

**Descrición subxectiva.**

**Exercicio 5**

Tendo en conta o anterior correo electrónico, relaciona as distintas partes coa cor na que están resaltadas:

|           |   |         |
|-----------|---|---------|
| Asunto    | → | laranja |
| Saúdo     | → | morado  |
| Mensaxe   | → | gris    |
| Despedida | → | verde   |
| Sinatura  | → | amarelo |